

Central de balances trimestral

Cuarto trimestre de 2005

COMUNICADO

Continúa a recuperación dos ingresos de explotación no cuarto trimestre do 2005

As 223 empresas que subministraron os datos do terceiro trimestre de 2005 permítennos obter este novo crecemento dos ingresos de explotación. No que respecta á evolución interanual dos agregados e manexando información de 202 empresas podemos concluír que o incremento do agregado de consumos intermedios, que inclúe o custo das materias primas, foi inferior ó experimentado polos ingresos de explotación; o que supón un incremento interanual do valor engadido bruto do 6,4%.

O indicador de clima industrial (ICI) segue unha tendencia descendente

As expectativas empresariais, medidas a través do ICI, seguen unha evolución parella ó IPI (índice de produción industrial) e tras un pequeno “respiro” no segundo trimestre de 2005 descenderon ata un valor de 0,5 no terceiro trimestre de 2005 para voltar a recuperarse neste cuarto trimestre de 2005.

Evolución do indicador de cofianza industrial

PERÍODO	ICI	Nº EMPRESAS
2004		
2º TRIM	14,1	149
3º TRIM	10,6	140
4º TRIM	8,5	144
2005		
1º TRIM	3,4	135
2º TRIM	6,9	126
3º TRIM	0,5	121
4º TRIM	7,3	107

Fonte: IGE. Central de Balances Trimestral

Forte crecemento do activo circulante

No apartado de investimento, coa mostra homoxénea entre os cuartos trimestres dos anos 2004 e 2005, atopamos aumentos do 5,3% no activo fixo fronte o 24,8% no activo circulante.

A taxa interanual de crecemento dos recursos propios tórnase positiva

No tocante ao financiamento, a variable de recursos propios que seguía en trimestres pasados unha traxectoria descendente en termos absolutos, presenta neste cuarto trimestre de 2005 unha taxa interanual positiva do 8,9% .

Para máis información:

Publicacións relacionadas (opcional)

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Comunicados en : <http://www.ige.xunta.es>
e-mail: ige@xunta.es